

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: extraordinaria urxente

NÚMERO: 2023/2

DATA: xoves 9 de febreiro de 2023

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:06 h

HORA DE REMATE: 20:36 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO, que redacto esta acta.

ASISTEN

BNG
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
JOSÉ VÁZQUEZ GONZÁLEZ
TOBIAS BETANZOS REGO
PP
ALICIA CAROU ROMERO
GERMAN ALLUT VIDAL
PSdeG-PSOE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
Rianxo en Común-SON
JULIO ALCALDE HERMO
Ciudadanos
SARA MARÍA RESUA PATIÑO

AUSENTES

BNG
RAQUEL GARCIA ABUIN
PP
MARIANO JOSÉ MOARES RIAL
PSdeG-PSOE
MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑÍZ
Rianxo en Común-SON
JULIAN BUSTELO ABUIN

ORDE DO DÍA

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA
2. APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS); POS+ 2023; DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.
3. APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2023 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2023/G010/000002 e identificado pola pegada dixital:

56930ce12fd5a12d28207c171881d61b0e4a51dbf08044e575421096c4099bf2

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=XOWsKbzEFdk>

ACORDOS

1 RATIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia da sesión ven dada polo prazo de presentación na plataforma SUBTEL da Deputación da Coruña, da subvención APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL - (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) -"POS+ 2023" e APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2023 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS - "POS+ ADICIONAL 1/2023" que rematan o 14/02/2023, polo que é necesario a aprobación do expediente do POS 2023.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 12 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

2 APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2023" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Dáse lectura da proposta presentada:

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) "POS+ 2023", aprobadas polo pleno da Deputación Provincial de A Coruña, con data 25 de novembro de 2022, e publicadas no BOP nº 228 de data 01/12/2022.

Vistos os distintos informes emitidos polos servizos municipais, necesarios segundo as bases reguladoras para completar o expediente.

Considerando que o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal constitúe un instrumento fundamental para o normal e correcto funcionamento dos servizos municipais posto que a contía asignada a gasto corrente supón un financiamento fundamental para os servizos públicos obrigatorios, que permite a redución do endebedamento do concello cos provedores e entidades financeiras e que os investimentos propostos contribúen a mellorar a calidade de vida dos veciños do concello respectando as esixencias de estabilidade e sustentabilidade financeira.

Considerando as cantidades asignadas a este Concello, a finalidade e o obxecto do Plan así como as demais instrucións contidas na circular do "POS+ 2023", é polo que se propón a adopción do seguinte, ACORDO:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2023", "achega provincial 2022" e "préstamo provincial 2023":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	40.829,46
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00
Subtotal gasto corrente	40.829,46

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		Orzamento total
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
AMPLIACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO E INSTALACIÓN DE BOMBEO NO LUGAR DE TRONCO; FASE I	208.785,50	0,00	0,00	0,00	208.785,50€
Subtotal investimentos achega provincial 2023	208.785,50	0,00	0,00	0,00	208.785,50€

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		Orzamento total
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NO LUGAR DE A CASILLA- ARAÑO	118.835,04	13.470,80	0,00	13.470,80	132.470,80€
Subtotal investimentos achega provincial 2022	118.835,04	13.470,80	0,00	13.470,80	132.470,80€

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda
Banco de Sabadell, SA	5.200,31
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	5.200,31

✓ Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	40.829,46				40.829,46
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)	-----				-----
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023	208.785,50	0,00	0,00	0,00	208.785,50
	Achega 2022	118.835,04	13.635,76	0,00	13.635,76	132.470,80
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023	5.200,31				5.200,31
D- TOTAL	Achega 2023	249.614,96	0,00	0,00	0,00	249.614,96
	Achega 2022	118.835,04	13.635,76	0,00	13.635,76	132.470,80
	Préstamo 2023	5.200,31				5.200,31
	TOTAL	373.650,31	13.635,76	0,00	13.635,76	387.286,07

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)	(A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C= A-B) Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible)
AMPLIACIÓNS DE REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO CON DEPURACIÓN NO LUGAR DE VILLANUSTRE - ASADOS	194.386,50	0,00	194.386,50
DOTACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NO LUGAR DE VILAS - FASE II	145.523,78	0,00	145.523,78
TOTAIS	339.910,28	0,00	339.910,28

- 3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
- 4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.
- 5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.
- 6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.
- 7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Non obstante o Pleno acordará o que estime pertinente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE, 1 do grupo cidadanos, e 2 dos membros do grupo PP), 1 voto en contra (1 do membro de Rianxo en Común) e cero abstencións, dos 12 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

3 APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2023 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

Dáse lectura da proposta presentada:

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) “POS+ 2023”, aprobadas polo pleno da Deputación Provincial de A Coruña, con data 25 de novembro de 2022, e publicadas no BOP nº 228 de data 01/12/2022.

Vistos os distintos informes emitidos polos servizos municipais, necesarios segundo as bases reguladoras para completar o expediente.

Considerando as cantidades asignadas a este Concello, a finalidade e o obxecto do Plan así como as demais instrucións contidas na circular do "POS+ 2023", é polo que se propón a adopción do seguinte, ACORDO:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ Adicional 1/2023**" da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2023

Dato notificado que figura no seu expediente

72.804,36 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2023	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.	24.674,47 €	0,00 €	24.674,47 €	24.674,47 €	0,00 €
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social:					

<p>maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adiccións, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero e aquelas persoas en risco de exclusión social, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p>					
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS.</p> <p>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>	930.071,76 €	739.361,16 €	190.710,60 €	12.519,29 €	178.191,31 €
<p>d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.</p>	14.000,00 €	0,00 €	14.000,00 €	14.000,00 €	0,00 €
<p>e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a</p>					

persoas sen fogar que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.					
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas	21.610,60 €	0,00 €	21.610,60 €	21.610,60 €	0,00 €
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.					
h) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.					
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación	990.356,83 €	739.361,16 €	250.995,657 €	72.804,36 €	178.191,31 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
INVESTIMENTO	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)

i) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.					
j) Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais					
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO					

TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	990.356,83 €	739.361,16 €	250.995,657 €	72.804,36 €	178.191,31 €

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	72.804,36 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	0,00 €
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2023 (I + II + III)	72.804,36 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE, 1 do grupo cidadanos, e 2 dos membros do grupo PP), 1 voto en contra (1 do membro de Rianxo en Común) e cero abstencións, dos 12 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta